



ACTA DA REUNIÓN DO CONSELLO DE AVALIACIÓN DOCUMENTAL DE GALICIA

1ª SESIÓN CONSTITUTIVA DO 14 DE XULLO DE 2016

Lugar: Edificio do Arquivo de Galicia, Santiago de Compostela

Hora de comezo: 10,00 h

Hora de remate: 11.30 h

Asistentes:

Presidente: Anxo M. Lorenzo Suárez, secretario xeral de Cultura.

Vicepresidenta: Natalia Prieto Viso, directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

Secretaría e vogal: Mª Josefa Piñón López, xefa do Servizo do Sistema de Arquivos.

Vogais:

- Marina García Pita, subdirectora xeral de Arquivos.
- Mª del Mar García Miraz, xefa do Servizo do Arquivo de Galicia.
- Gabriel Quiroga Barro, xefe da Sección do Arquivo do Reino de Galicia.
- Alfonso Cascudo Rasilla, xefe da Sección do Arquivo Territorial da Xunta en Pontevedra.
- Pilar Cagiao Vila, profesora titular de Hª Contemporánea da USC.
- Mª José García Sexto, directora da Área de Modernización das Administracións da AMTEGA.
- Margarita de la Calle Amaro, analista de Xestión do Rendemento e Calidade da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.
- Carlos Iglesias Patiño, xefe do Servizo de Coordinación e Planificación do Instituto Galego de Estatística.
- Carmen Moreiras Plaza, técnica de documentación do Parlamento de Galicia.
- Alberto González Fernández, alcalde do Concello de Valdoviño.
- José Luis Mínguez-Goyanes de la Rica, xefe do Servizo do Centro de Documentación e Arquivo da Universidade da Coruña.
- Dolores Lestón Suárez, arquivista do Arquivo Territorial de Xustiza da Coruña, da Dirección Xeral de Xustiza.
- Ana Fonte Bouza, subdirectora xeral de Coordinación e Relacións co Consello de Contas.
- Mª Isabel Novo Castro, letrada da Asesoría Xurídica de Cultura.

Ausentes:

- Javier Jorge Castiñeira, alcalde do Concello de Foz.

Orde do día

1. Presentación e constitución do Consello de Avaliación Documental de Galicia.
2. Informar sobre o procedemento de avaliación para a selección

3. Informar sobre a metodoloxía e os criterios xerais para a avaliación de series documentais da Xunta de Galicia.
4. Informar sobre os formularios e base de datos para os estudos de identificación e avaliación de series documentais.
5. Informar sobre as táboas de avaliación e extracto a publicar no DOG.
6. Aprobación, se procede, das propostas de avaliación de series documentais da Xunta de Galicia, propostas polo Arquivo de Galicia en coordinación coas unidades administrativas produtoras:
 - Intervención Xeral da Xunta de Galicia: Expedientes contables de gasto
 - Política Social: Expedientes de axudas a familias con fillo a cargo
 - Función Pública: Expedientes de axudas do fondo de acción social para o persoal da Xunta de Galicia.
 - Traballo: Expedientes do rexistro de contratos laborais
7. Propostas de avaliación e creación de grupos de traballo.
8. Rolda de intervencións

Deliberacións

1. Presentación e constitución do Consello de Avaliación Documental de Galicia

O presidente presenta aos membros do Consello de Avaliación Documental de Galicia e a continuación inicia a reunión coa alusión ao artigo 34 da Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia que fai referencia a este consello como órgano colexiado consultivo e de asesoramento.

Respecto á constitución do Consello, faise constar a ausencia na súa composición de arquivistas municipais e de deputación provinciais. Neste sentido, o presidente comenta que calquera ausencia ou necesidade tratarase de solventar a través dos grupos de traballo no que poderán participar arquivistas que non sexan membros deste Consello e outros técnicos.

2. Informar sobre o procedemento de avaliación para a selección

Infórmase sobre o procedemento contemplado no Decreto 15/2016, do 14 de xaneiro, que regula a composición e o funcionamento do Consello de Avaliación Documental de Galicia e o procedemento de avaliación e selección de documentos. A avaliación é un proceso técnico de arquivos que consiste no estudo das series documentais para identificar o contexto no que se



producen e o contido das series documentais nas que se agrupan os expedientes, os valores administrativos, legais – xurídicos, informativos e históricos e os seus prazos de vixencia e propónse a selección da serie documental que estableza a súa conservación, total ou parcial, ou a súa eliminación.

Os estudos poden referirse tanto a series documentais pechadas como as que están vixentes, é máis, no entorno da administración electrónica a avaliación facilita a xestión documental polo que será unha fase do proceso de implantación de procedementos electrónicos. Polo tanto, os estudos de series vixentes contemplarán todo o seu ciclo vital e serán actualizadas.

O procedemento iníciase ante o secretario xeral de Cultura, quen acordará a admisión das propostas para sometelas a ditame do Consello de Avaliación Documental. O Consello analizará as propostas admitidas xunto coa documentación esixida relativa ao estudo da serie documental. Este estudo farase conforme ao formulario proposto polo Consello, aprobado polo órgano superior competente en materia de arquivos e patrimonio documental e publicado no DOG.

A análise documental que recolle este estudo é un proceso moi consolidado nos procesos de xestión documental, polo que o formulario ou base de datos que se propoña é o utilizado nos arquivos de Galicia e nos doutras comunidades autónomas por formar parte dos procesos arquivísticos.

A normativa contempla a creación de grupos de traballo específicos, constituídos en función das tipoloxías dos fondos documentais a seleccionar. Estes grupos, por propia iniciativa, farán a análise das series documentais que consideren prioritarias e revisarán as que presenten terceiros que teñan vinculación cos fondos documentais do seu interese, coa finalidade de adoptar criterios comúns e non perder de vista a concepción do arquivo único de cada institución.

Froito de todo o proceso de estudo e de proposta de selección, o Consello elaborará as táboas de avaliación de cada serie documental que, sometidas a aprobación do secretario xeral de Cultura, publicaranse en extracto no DOG, con independencia de facer accesible por outros medios o estudo completo da serie documental.

O Consello de Avaliación Documental de Galicia, respecto a outros consellos avaliadores doutras institucións galegas que custodien documentos considerados patrimonio documental, supervisará as súas táboas de avaliación.

En concreto, o vogal da Universidade da Coruña pregunta que vai pasar coas series xa aprobadas polo consello reitoral das universidades. O presidente informa que non se considera oportuno aplicar un carácter retroactivo sobre as series avaliadas por outras institucións antes da constitución deste Consello. Acórdase dar conta das táboas das series avaliadas para a súa constancia.

Ponse de manifesto os dous planos a ter en conta na avaliación documental, a de documentos en papel e a de documentos electrónicos. Seguindo a metodoloxía haberá que ter en conta as

especificidades de cada entorno e especialmente da habilitación dos procedementos administrativos de xeito que non paralice ou entorpeza a actividade administrativa.

Debátese a incidencia da administración electrónica no ámbito da avaliación documental. A normativa determina a implantación da administración electrónica e establece un período para a plena operatividade neste novo entorno. Neste sentido, coméntase o estado de habilitación de procedementos administrativos electrónicos a instancia de parte, o impacto cara aos cidadáns e a repercusión nas unidades administrativas, así como que este Consello constitúe un fito importante no funcionamento interno no ámbito da Xunta de Galicia.

Chámase a atención sobre a falta de persoal técnico, a pesar de que a Lei de arquivos e documentos de Galicia esixe que todas as consellerías contén con arquiveiro/a. Só tres consellerías da Xunta de Galicia teñen arquivo con persoal e isto considérase que terá incidencia nos grupos de traballo que teñan que avaliar a documentación de toda a administración autonómica.

En relación aos seguintes puntos da orde do día:

3. Informar sobre a metodoloxía e os criterios xerais para a avaliación de series documentais da Xunta de Galicia.
4. Informar sobre os formularios e base de datos para os estudos de identificación e valoración de series documentais.
5. Informar sobre as táboas de valoración e extracto a publicar no DOG.

Acórdase remitir por correo electrónico os borradores dos documentos, en concreto, os criterios de avaliación e os formularios do estudo das series documentais, das táboas de avaliación documental e o extracto das mesmas. A partir da súa remisión abrírase o prazo para remitir achegas e observacións.

6. Aprobación, se procede, das propostas de valoración de series documentais da Xunta de Galicia, propostas polo Arquivo de Galicia en coordinación coas unidades administrativas produtoras.

Os membros do Consello consideran que non procede aprobar estas propostas sen que tiveran tempo de analizalas, aínda que se fan algúns comentarios aos documentos que teranse en conta na proposta que se envíe.

7. Propostas de avaliación e creación de grupos de traballo.

Tal como establece o decreto que o regula o Consello funcionará, ademais de en Pleno, mediante grupos de traballo que estarán compostos por membros do plenario e técnicos asesores alleos, que



poden asistir ás sesións do Consello con voz e sen voto. Os grupos de traballo serán coordinados por un/unha vogal.

Acórdase a creación de tres grupos de traballo:

- 1) Grupo de traballo para a avaliación de series da Administración Autonómica
- 2) Grupo de traballo para a avaliación de series da Administración Local
- 3) Grupo de traballo para a avaliación de series dos órganos estatutarios e do Consello Consultivo de Galicia.

Os membros deste plenario poderán estar en calquera grupo. Na configuración destes grupos invitarase tanto a arquiveiros como a técnicos das administracións e dos organismos relacionados cos documentos que se estudan. Os membros dos grupos serán designados pola Presidencia do Consello, logo da proposta do Pleno.

Considérase que non é necesario crear grupos de traballo de universidades e de xustiza porque xa teñen os seus grupos e consellos.

Debátese sobre o sentido e finalidade do grupo que agrupa ao Parlamento de Galicia, Valedor do Pobo, Consello da Cultura Galega, Consello de Contas de Galicia e Consello Consultivo de Galicia. A pesar da autonomía de cada unha destas institucións, hai certa documentación que ten vinculación entre eles e mesmo coa Xunta de Galicia, polo tanto, propónse tomar en consideración a creación deste grupo para colaborar e coordinar as súas propostas.

8. Rolda de intervencións

Isabel Novo Castro considera necesario difundir a existencia deste consello e o seu funcionamento. Alfonso Cascudo Rasilla redunda nesta necesidade porque se está eliminando documentación indiscriminadamente. Gabriel Quiroga Barro intervéñ tamén neste sentido.

Infórmase que a Subdirección Xeral de Arquivos xunto coa Amtega ten programada a inclusión na web do Consello de Avaliación Documental de Galicia, con toda a información e documentación. Tamén está deseñándose un espazo colaborativo para traballar.


Acordos:

1. Constitución do Consello de Avaliación Documental de Galicia.
2. Remisión da proposta de criterios de avaliación documental e dos formularios para a presentación dos estudos das series documentais, as táboas de avaliación e do extracto das mesmas, para que se presenten as consideracións que se consideren oportunas.
3. Creación de tres grupos de traballo:

- 1) Grupo de traballo para a avaliación de series da Administración Autonómica
- 2) Grupo de traballo para a avaliación de series da Administración Local
- 3) Grupo de traballo para a avaliación de series documentais do Parlamento de Galicia, Valedor do Pobo, Consello da Cultura Galega, Consello de Contas de Galicia e Consello Consultivo de Galicia.
4. Difusión da existencia do Consello a todas as unidades administrativas
5. Creación dun espazo colaborativo

E non tendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 11,30 horas.

A secretaria



M^a Josefa Piñón López

Vº e Prace



Presidente,

M. Lorenzo Suárez